

Madri 20 abril de 1977


Sr. BERNARDINO GRAÑA
Compostela

Querido Graña:

Qué mais quixera eu que reunirme convosco en Santiago pra falar en col do PEN Club galego, e de paso andar de rueiro pola cibdade, botar unhos grolos de bon viño ullau nunha vella taberna dos meus tempos, que, supoño eu, algunha délas quedará; pro as miñas tarefas diarias neste Madri abraiante impídenme tanta felicidade.

Pro, dende logo, conta coa miaña solidaridade e adhesión a idea de crear ise Club, do que xa me considero membro in pecto. Súmame pois como asistente a reunión, e si fose preciso votar, delego en ti o meu voto pra que fagas uso dél según o teu leal saber i entender.

Cunha cordial aberta



CELSE EMILIO FERREIRO
Juan Bravo 53, 4º B.
Madri - 6